

AVALIANDO SEN SAÍR DA CASA: COMO REALIZAR A AVALIACIÓN DO ALUMNADO DENDE A DISTANCIA

Avaliar implica recoller información e valorala e. Con este curso preténdese facer unha achega de diferentes recursos que se poden empregar para realizar unha avaliación, cando non é posible compartir fisicamente a aula co alumnado, é dicir, recursos que permitan recoller información do alumnado e valorala. Para conseguilo, farase unha breve presentación de diferentes instrumentos que poden ser empregados para realizar a avaliación da aprendizaxe do alumnado, tanto de contidos conceptuais, procedimentais e, mesmo, actitudinais.

O curso ten a intención de presentar variados instrumentos que se poden empregar para realizar a avaliación, aínda que necesariamente presentándoos de forma breve. Para sacar as máximas posibilidades de cada un deses instrumentos, necesariamente será precisa outra formación.

OBXECTIVOS:

- Identificar as principais ferramentas para realizar a avaliación nun espazo virtual.
- Deseñar un proceso de avaliación empregando ferramentas da rede.
- Aplicar recursos en liña para realizar a avaliación do alumnado.

CONTIDOS:

1. Pódese avaliar nun espazo virtual?
2. Como avaliar coñecementos empregando as TIC.
3. Avaliación dos procedementos con TIC.
4. Avaliación das actitudes con TIC.